

8 → REGULAMENTO DE REXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXIA VEXETAL

TITULO PRELIMINAR

Artigo 1.

O Departamento de Bioloxía Vexetal da Universidade de Santiago de Compostela, rexerese no marco do sinalado na Lei Orgánica 11/1983 do 25 de agosto, de Reforma Universitaria, e no Real Decreto 2360/1984 do 12 de decembro, polo disposto nos Estatutos da Universidade e no presente Regulamento.

Artigo 2.

1.-O Departamento de Bioloxía Vexetal da Universidade de Santiago de Compostela agrupa a tódolos docentes e investigadores pertencentes ás áreas de coñecemento de Bioloxía Vexetal e Producción Vexetal, salvo os que obteñan a adscrición a outro Departamento por aplicación do artigo 8º do R.D. 2360/1984 do 12 de decembro.

2.- O Departamento de Bioloxía Vexetal é o órgano encargado, en tódolos Centros da Universidade, da organización e desenvolvemento do ensino e a investigación nas ditas áreas de coñecemento.

Artigo 3.

En relación co artigo anterior consideranse investigadores do Departamento aqueles doutores que teñan relación contractual co mesmo coma tales.

Artigo 4.

A sede Do departamento ubicarásese no Centro ó que está adscrito o Departamento.

Artigo 5.

Para os efectos que atinxe o artigo 15 dos Estatutos da Universidade o Departamento de Bioloxía Vexetal estará adscrito a Facultade de Bioloxía.

Artigo 6.

1.- Ó abeiro do artigo 11.3 dos Estatutos da Universidade poderáanse crear seccións nos diferentes Campus, sempre que así o aconsellen as necesidades de funcionamento do Departamento.

2.- Constitúen unha Sección Departamental os membros do Departamento que desempeñan as súas actividades fundamentalmente no Campus correspondente.

3.- En cada un dos Campus nos que o Departamento dispensa docencia poderá existir un coordinador, elixido polo Consello de Departamento, baixo o Director, que desempeñará funcións de enlace co Director.

Artigo 7.

O Consello de Departamento poderá propor a Xunta de Goberno a creación de novas Seccións Departamentais nos casos en que o espallamento xeográfico así o aconselle.

TITULO PRIMEIRO. Dos órganos de goberno

Artigo 8.

Son órganos de dirección e xestión do Departamento de Bioloxía Vexetal os seguintes:

- a) O Consello de Departamento.
- b) O Director.
- c) O Secretario.
- d) Os Directores das Seccións Departamentais, si as houbera.

Artigo 9.

1. O Consello de Departamento estará composto por:

- a) Os Catedráticos, Profesores Titulares, Profesores Asociados e Profesores Eméritos integrados no mesmo.
- b) Os Axudantes do Departamento.
- c) Os Bolseiros de investigación e Investigadores integrados no Departamento.
- d) Unha representación dos estudantes do ámbito de docencia do Departamento, elixida anualmente entre eles e con vixencia entre elección e elección, que supoñerá o vintecinco por cento do total dos membros do Consello do Departamento, e deles o dez por cento será do primeiro e segundo ciclos e o quince por cento do terceiro ciclo.

2.- De propoñelo o propio Consello de Departamento, poderán ser convidados ás súas reunións para discutir asuntos específicos, con voz pero sen voto, todos aqueles profesores, investigadores e estudantes que poidan resultar afectados polos mesmos.

CAPITULO PRIMEIRO.- Do Consello de Departamento

Artigo 10.

Corresponderá o Consello de Departamento:

- a) Elixi-lo Director, e, no seu caso, propoñer á Xunta de Goberno a súa remoción mediante un escrito razoado que deberá ser aprobado por maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.
- b) Elaborar e propoñer a Xunta de Goberno o Regulamento de funcionamento interno e as súas modificacións.
- c) I.- Informar sobre a conveniencia ou non da minoración de cambio de denominación ou de categoría das prazas de Catedrático ou Profesores Titulares do Departamento.
II.- Solicita-la convocatoria a Concurso de prazas vacantes de Catedrático ou Profesor Titular e propoñer Presidente e Secretario, titulares e suplentes, das Comisións que deberán xulgalas.
III.- Propoñe-la contratación de Profesores Asociados e Visitantes, e o nomeamento dos Profesores Eméritos.
IV.- Propoñe-la convocatoria a Concurso das prazas de Axudantes e efectua-la proposta dos Profesores do Departamento que formen parte da Comisión que xulgue estes concursos.
V.- Propoñer, no seu caso, o acceso ás categorías contractuais, ás que fai referencia o artigo 104 dos Estatutos, daqueles Profesores non numerarios que prestaban os seus servizos na data de entrada en vigor dos Estatutos da Universidade.
- d) Informar sobre a asignación dos conceptos retributivos ós que alude o artigo 46.2 da Lei de Reforma Universitaria.
- e) Elabora-la memoria anual sobre o labor docente e investigador realizado, ó que se refire o artigo 117 dos estatutos.
- f) Da-la conformidade ó Director do Departamento para a negociación dos traballos e cursos de especialización ós que se refire o artigo 11 da Lei de Reforma Universitaria.
- g) Informar sobre a conveniencia de que os axudantes realicen noutra institución os estudos ós que se refire o artigo 34.4 da Lei da Reforma Universitaria, cando dita estancia sobrepase un mes de duración.
- h) Programa-la avaliación do rendimento dos estudantes.
- i) Elabora-lo programa de organización docente.
- l) I.- Aprobalaas propostas dos programas de Doutoramento para a súa tramitación a Comisión correspondente.

II.- Avalia-los alumnos dos programas de Doutoramento a cargo do Departamento.

III.- Propoñer como alumnos do terceiro ciclo a aqueles licenciados que se atopen realizando a tesis de doutoramento ou tesina de licenciatura e que teñan unha adicación dun mínimo de 20 horas semanais.

IV.- Nomea-los titores dos alumnos de Doutoramento.

V.- Admitir ou rexeita-los proxectos de tese de Doutoramento.

VI.- Informar se procede ou non a ampliación do prazo para presenta-la tese de Doutoramento.

VII.- Da-la sua conformidade para a presentación das teses de Doutoramento.

VIII.- Formula-las propostas para o nomeamento dos tribunais que deberán xulga-las teses de Doutoramento.

IX.- Aprobación das teses de Doutoramento que serán remitidas a Comisión de Doutoramento.

X.- Ser oído para a admisión de estudantes do terceiro ciclo doutras universidades e informar sobre a convalidación dos cursos realizados.

l) Elabora-los programas plurianuais de investigación.

m) Aproba-la distribución do presuposto do Departamento, e supervisa la súa execución.

n) Propoñe-la contratación temporal de persoal que colabore na investigación.

ñ) Propoñer nomeamentos de Doutores Honoris Causa.

o) Propoñer a Xunta de Goberno a creación de Seccións Departamentais, sempre que así o aconsellen as necesidades de funcionamento do Departamento.

p) Informa-los pedimentos de financiación da investigación con cargo a fondos distintos dos da Universidade.

Artigo 11.

En tódolos asuntos relacionados coas actividades investigadoras ou coa procedencia do cambio de denominación ou categoría dunha praza, así como sobre o sistema para a súa provisión, o Consello de Departamento estará composto polo seu persoal docente e investigador e un estudante do terceiro ciclo.

000082

Artigo 12.

1.- O Pleno do Consello de Departamento será convocado polo Director, ben a iniciativa propia ou previa petición dun tercio dos seus membros. En todo caso celebraráse, alomenos, unha reunión trimestral ordinaria.

2.- As reunións do Consello de Departamento convocaránse, alomenos, con cinco días de antelación salvo as extraordinarias con carácter de urxencia que poderán convocarse con setenta e dúas horas de antelación. A tódolos efectos só se contabilizarán os días lectivos.

3.- Na convocatoria que deberá ir acompañada da orde do día, faráse constar data, lugar e hora da reunión, así como o carácter ordinario ou extraordinario da mesma.

4.- A convocatoria remitirase, normalmente, ó Centro onde esté adscrito cada membro do Consello de Departamento.

5.- A orde do día será fixada polo Director, asistido polo Secretario.

6. Na orde do día dunha sesión ordinaria incluíránse os asuntos solicitados, por escrito con antelación suficiente, polo menos polo 10% dos membros do Consello de Departamento.

Artigo 13.

A documentación referente os asuntos incluídos na orde do día das sesións ordinarias estará a disposición dos membros do Consello de Departamento, na sé do mesmo, alomenos con corenta e oito horas de antelación. O Departamento deberá enviar dita documentación a aqueles membros do Departamento de fora do Campus donde se ubica, si así o solicitasen.

Artigo 14.

A petición dunha reunión con carácter extraordinario do Consello de Departamento faráse por escrito e deberáse acompañar, polo menos, das firmas dun tercio dos compoñentes do Consello de Departamento. Nela, faráse constar, no seu caso, o carácter de urxencia da mesma, así como o tema que se solicita tratar. Unha vez recibida a petición de reunión con carácter extraordinario, o Director de Departamento dispoñerá dun prazo máximo de oito días para a súa convocatoria e celebración. Se a petición incluíse carácter de urxencia, deberáse convocar e celebrar nun prazo de catro días. Os prazos fixados neste apartado contaránse a partir da data de rexistro de entrada da petición.

Artigo 15.

O Director do Departamento poderá suspender, en calquera momento, as deliberacións do Consello de Departamento por causa xustificada, debendo fixar data, lugar e hora da súa continuación.

Artigo 16.

1.- Os acordos do Consello de Departamento adoptaránse por maioría simple dos asistentes. Para a elección do director ou a súa remoción estarase o disposto polos regulamentos vixentes.

2.- As votacións poden ser públicas, a man alzada, ou secretas cando o solicite un membro do Consello de Departamento e, en todo caso, cando afecten a persoas concretas.

3.- A participación nas deliberacións e votacións é persoal e indelegable, quedando excluído o voto por correo e o voto por anticipado.

4.- Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que se atopen presentes tódolos membros do Consello do departamento e sexa declarada a urxencia da súa resolución.

Artigo 17.

1.- De cada sesión do Consello de Departamento levantarase acta, que conterá unha relación de asistentes e mención expresa de todos aqueles membros que tiveran xustificada a súa ausencia, así como as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, un resume de deliberacións, a forma e resultado das votacións e o contido literal dos acordos. Tamén figurarán nela todas aquelas intervencións que os membros do Consello de Departamento desexen que figuren expresamente.

2.- As actas asinadas polo Secretario, co visto bo do director, serán sometidas á consideración do Consello para a súa aprobación na sesión ordinaria inmediatamente posterior.

3.- O libro de actas terá acceso para a súa consulta, en presenza do Secretario, calquera membro do Consello de Departamento.

4.- O Secretario expedirá certificacións de cada acta ou dunha parte da mesma a calquera membro do Consello de Departamento que as demande.

CAPITULO SEGUNDO. Do DirectorArtigo 18.

1.- O Departamento terá un Director que será elexido polo Consello de acordo cun regulamento elaborado e aprobado pola Xunta de Goberno.

2.- En todo caso, o réxime de adicación a tempo completo será un requisito necesario para o desempeño da dirección dun Departamento.

Artigo 19.

1.- O Director do Departamento será nomeado polo Rector da Universidade. O nomeamento será comunicado á Xunta de Goberno e ós Decanos e Directores das Facultades, Escolas e Colexios Universitarios onde o Departamento desenvolva as súas funcións docentes e investigadoras.

2.- O Cargo de Director de Departamento desempeñarase durante tres anos, con posibilidades de reelección.

3.- En caso de ausencia, enfermidade ou dimisión do Director do Departamento, substituirao como Director accidental o Profesor de categoría superior máis antigo no Departamento, con réxime de adicación a tempo completo.

4.- A substitución do Director de Departamento por mor de ausencia ou enfermidade non debe superar un período de tres meses, neste caso convocaranse novas eleccións.

Artigo 20.

1.- O Director do Departamento será o encargado da súa representación.

2.- Corresponderá o Director do Departamento:

a) Presidir e convoca-lo Consello de Departamento.

b) Executa los acordos adoptados polo Consello de Departamento e velar polo seu cumprimento.

c) Organizar e coordinar, de conformidade co Consello de Departamento, os medios persoais e materiais dos que se dispoña da maneira máis axeitada para cumprir-los obxectivos investigadores e docentes do mesmo.

d) Elaborar, con asistencia do Secretario, a memoria anual das actividades desenvolvidas polo departamento.

e) Elabora-lo proxecto de presuposto e executa-las previsións presupuestarias.

f) Negociar con entidades públicas e privadas, e de acordo co Consello de Departamento, os traballos e cursos ós que se refire o artigo 11 da Lei de Reforma universitaria, sempre que isto afecte ó Departamento como tal Departamento.

g) Ser oído polo Consello de Departamento para a elección dos Directores das Seccións Departamentais.

h) Calquera outra que afecte ó Departamento e non fora explicitamente atribuída ó Consello ou a outros órganos da Universidade.

CAPITULO TERCEIRO. Do Secretario

Artigo 21.

1.- O Secretario do Departamento nomeará o Director entre os seus Profesores e Axudantes.

2.- Son funcións do Secretario do Departamento:

a) Levantar acta das sesións do Consello de Departamento que reflexarán puntualmente os acordos tomados. E o responsable de que sexan tramitadas no seu caso, con exactitude e integramente ós órganos correspondentes.

c) Coida-lo arquivo e da documentación do Departamento.

d) Redactar todos cantos escritos de carácter administrativo lle sexan encomendados, coa autorización explícita do Director.

e) Exercer, por Delegación do Director, a xefatura inmediata do persoal de Administración e servizos especificamente adscrito o Departamento.

Artigo 22.

En caso de enfermidade ou ausencia do Secretario, o Director nomeará a un accidental de entre os profesores e axudantes do Departamento.

CAPITULO CUARTO. Das Seccións Departamentais

Artigo 23.

1.- As Seccións departamentais serán dirixidas por un Profesor integrado nelas e elixido polo Consello de Departamento, oído o Director.

2.- En calquera caso o réxime de adicación a tempo completo será un requisito necesario para o desenvolvemento da Dirección dunha Sección Departamental.

3.- O Cargo de Director de Sección Departamental desempeñaráse durante tres anos con posibilidades de reelección.

4.- Corresponde os Directores das Seccións Departamentais a organización, coordinación e supervisión das actividades do Departamento no Campus correspondente, baixo as directrices aprobadas polo Consello de Departamento, e en coordinación co Director.

TITULO SEGUNDO. Da Organización Docente

Artigo 24.

1.- O Consello de Departamento realizará anualmente a planificación da súa actividade docente, antes do 30 de xunio e remitirá-la ós distintos Centros. Asimesmo remitirá o Rectorado dito Plan de Organización Docente.

2.- En orde a elaboración do P.O.D. os profesores remitirán ó Secretario as listas oficiais de alumnos, nas datas que no seu momento se fixen.

Artigo 25.

1.- O reparto da carga faráse de xeito equitativo, entre tódolos profesores tendo en contas a súa especialización científica, oidas as propostas dos profesores implicados, estean ou non adscritos a este Departamento.

2.- O P.O.D. e de obrigado cumprimento.

3.- Calquera modificación do P.O.D. respecto as materias asignadas ós profesores e o número de horas adicadas a clases teóricas e prácticas, debe contar coa autorización do Consello de Departamento.

4.- Toda ausencia debe ser comunicada ao Director coa debida antelación. Se a ausencia é superior a unha semana o Director fará as xestións oportunas para cubrí-la docencia teórica e/ou práctica.

5.- Tódalas incidencias que se deriven do incumprimento da normativa que se contempla nos apartados, 1, 2, 3 e 4, serán comunicadas o Consello de Departamento ós efectos oportunos.

Artigo 26.

1.- Os programas das materias serán elaborados con especial atención as peculiaridades dos programas de estudos de cada curriculum.

2.- O Departamento comunicará os respectivos Centros antes do 30 de xullo, os programas teóricos é, no seu caso, prácticos das materias o seu cargo, que se desenvolverán no curso académico seguinte, así como unha relación dos Profesores asignados para dispensalas e os períodos de tempo previstos para iso.

Artigo 27.

O Departamento poderá organizar seminarios, conferencias, cursos ou congresos durante o curso académico, correspóndelle o Consello de Departamento aprobar esta programación así como o seu presuposto.

Artigo 28.

Os profesores que desexen organizar ou dispensar cursos, congresos, conferencias ou seminarios, sen cargo ós créditos do Departamento, comunicaránlo previamente ó seu Director quen informará ó Consello. As ditas actividades poderán figurar na memoria anual do Departamento.

TITULO TERCEIRO. Da Investigación

Artigo 29.

1.- O Consello de Departamento elaborará e aprobará os programas plurianuais de investigación, nos que se recollerán as liñas de investigación, os proxectos específicos e mailos recursos de persoal e material necesarios.

2.- A devandita programación deberá ter en conta, no seu caso, a existencia de membros do Departamento en diferentes Campus, de xeito que exista unha igualdade de oportunidades para realizar investigación.

Artigo 30.

1.-O Departamento, ou os seus profesores a través del, poderá contratar con entidades públicas ou privadas ou ben con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico, ou artístico, e mailo desenvolvemento de cursos de especialización, formación ou perfeccionamento.

2.- Ningún profesor pode quedar obrigado a realizar traballos contratados ou a participar en cursos de especialización, formación ou perfeccionamento se non manifestou libremente e por escrito a súa vontade de obrigarse.

3.-O procedemento para a asinatura dos ditos contratos é o establecido no "Regulamento para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico e desenvolvemento de cursos de especialización", aprobados pola Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 31.

Tendo en conta os seus programas de investigación, o Departamento poderá contratar temporalmente persoal que colabore no desenvolvemento dos mesmos, con cargo ós fondos específicos de investigación asinados pola Universidade ou ós procedentes de financiación exterior.

Artigo 32.

Tódolos pedimentos de financiamento con cargo a fondos non universitarios deberán ser informados previamente polo Consello de Departamento.

Artigo 33.

Os profesores e investigadores do Departamento remitirán anualmente ó Secretario do mesmo a información sobre os seguintes asuntos:

a) Liñas de investigación que desenvolve, así coma, se procede, persoal dependente deles ou adscritos ás liñas de investigación das que son responsables.

b) Datos para a actualización do seu Curriculum científico e académico.

c) Axudas recibidas para o desenvolvemento de proxectos de investigación, nos que a financiación non esté incluída no presuposto regular do Departamento (contía, equipos ou aparatos adquiridos, etc.).

TITULO CUARTO.- Do Persoal docente e investigador

Artigo 34.

1.- O Consello de Departamento elaborará os cadros de persoal docente e investigador.

2.- Para iso deberánse ter en conta os diferentes Campus e Centros nos que o Departamento ten asignada a docencia, cara a conseguir un reparto equitativo da carga docente entre os seus profesores.

000089

Artigo 35.

Para tódalas prazas do cadro de persoal ou contrato, o Consello de Departamento convocará, previamente ó Concurso público ordinario que efectúe a Universidade, un Concurso de méritos entre os profesores do Departamento que reúnan os requisitos legais establecidos.

Artigo 36.

1.- A promoción do profesorado dependerá de criterios obxetivables de curriculum científico e académico.

2.- As propostas de membros titulares e suplentes que teñan que formar parte das Comisions para a adxudicación de prazas dos diferentes corpos universitarios ou de contrato levaráse a cabo seguindo os criterios que con carácter xeral acorde o Consello de Departamento.

Artigo 37.

1.- As propostas de nomeamentos de bolseiros e mailos de contratación de persoal con cargo a créditos xerais do Departamento serán presentados ó Consello para a súa aprobación e tramitación ó Rectorado, no seu caso.

2.- As propostas de nomeamentos de bolseiros e mailas de contratación de persoal con cargo a fondos dun proxecto de investigación serán postas en coñecemento do Consello de Departamento polo investigador responsable do dito proxecto. O Consello de Departamento, logo de emitilo oportuno informe, tramitará-las ó Rectorado.

Artigo 38.

1.- Os profesores poderán propoñer ó Consello a admisión de persoas que utilicen regularmente as intalacións do Departamento.

2.- A admisión a programas do terceiro ciclo faráse dando prioridade os solicitantes que presenten maiores méritos.

3.- As líneas de investigación do Departamento faránse públicas en tódolos Centros nos que o Departamento imparta docencia. A admisión de alumnos para a realización de traballos de investigación será competencia do profesor que dirixa dito traballo. Tódolos profesores teñen a obriga de comunicar ó Consello a relación de alumnos baixo a súa dirección, así coma o traballo a desenrolar polos mesmos.

TITULO QUINTO.- Do réxime económico

Artigo 39.

Todo o persoal vinculado administrativamente ou non ó Departamento estará suxeito ó seu Regulamento.

Artigo 40.

Para atende-las súas necesidades, o Departamento contará cos seguintes recursos:

- a) Os créditos que se lle concedan nos presupostos da Universidade.
- b) As imposicións procedentes dos contratos ós que se refire o artigo 30 do presente regulamento.

Artigo 41.

1.- Antes do nadal o Secretario do Departamento recibirá, mediante o procedemento oportuno, as diferentes previsións de gasto.

2.- De acordo coas ditas previsións o Director do Departamento elaborará e presentará ó seu Consello o presuposto anual de gastos e imposicións para a súa aprobación.

3.- No presuposto figurarán dous grandes grupos de gastos: os de funcionamento e mailos de apoio e investigación.

Artigo 42.

1. Os gastos de funcionamento comprenden os de mantemento, material de oficina, adquisición de libros e, en xeral, todos aqueles necesarios para dispensa-la docencia.

2.- A distribución de dita partida faráse de xeito que cada Sección Departamental ou Unidade Docente de Campus poida contar cun crédito mínimo. A cantidade restante distribuiráse de acordo cos criterios xerais aprobados pola Xunta de Goberno para a distribución da dita partida entre os Departamentos.

TITULO SEXTO.- Das Comisi3ns delegadas do Consello de Departamento

CAPITULO PRIMEIRO. Natureza e funci3n das Comisi3ns

Artigo 43.

As Comisi3ns defínense como instancias de asesoramento t3cnico actuando por delegaci3n do Consello de Departamento.

Artigo 44.

Pola s3a propia natureza as Comisi3ns non toman decisi3ns nin as executan sen3n que informan, coordinan e elaboran propostas sobre os asuntos que este Regulamento ou os 3rganos de goberno do Departamento lles encomenden.

Artigo 45.

As Comisi3ns poden ser fixas ou conxunturais. As Comisi3ns fixas responden a cometidos que requiran a existencia dunha Comisi3n en virtude de normas estatutarias da Universidade de Santiago ou das previsi3ns deste Regulamento.

As Comisi3ns conxunturais constituir3nse para resolver asuntos concretos e deixar3n de existir 3 rematar estes ou 3 completa-lo seu cometido.

Artigo 46.

As Comisi3ns fixas as de:

- a) Docencia
- b) Investigaci3n
- c) Asuntos econ3micos

Artigo 47.

As Comisi3ns fixas estar3n constituídas por:

- a) O Director ou persoa en quen delegue.
- b) O responsable t3cnico do servicio, se o houberse.
- c) Un profesor por cada tipo de Centro.
- d) Un alumno de primeiro ou segundo ciclo de Colexios ou Facultades, ag3s a Comisi3n de Investigaci3n.
- e) Un alumno do terceiro ciclo.
- f) Un alumno de Escolas, ag3s a Comisi3n de Investigaci3n.

Artigo 48.

Para a elaboración dos seus informes, as Comisións poderán chamar a consulta a membros dos Centros implicados nas cuestións en estudo ou que poidan aportar información ó respecto.

Artigo 49.

- 1.- As Comisións renovaríanse cada curso académico.
- 2.- O funcionamento interno das Comisións será determinado pola propia Comisión de non haber regulamento de instancias superiores.

CAPITULO SEGUNDO. Da Comisión de DocenciaArtigo 50.

Son funcións da Comisión de Docencia:

- a) Elaborar o anteproxecto do P.O.D.
- b) Elaborar o anteproxecto da Memoria das actividades docentes.
- c) Informar o Consello de Departamento sobre a planificación e desenvolvemento da actividade docente. Asimesmo das directrices xerais, tanto en teoría como en prácticas, de cada asignatura.
- d) Asesorar as Comisións, Xuntas de Facultad, etc. dos Centros que elaboren plans de estudos que poidan afectar ó Departamento. Asimesmo avaliar, ou no seu caso, propoñer programas de asignaturas adscritas ou que se poidan adscribir ó Departamento de Bioloxía Vexetal.

CAPITULO TERCEIRO. Da Comisión de InvestigaciónArtigo 51.

Son funcións da Comisión de Investigación:

- a) Elaborar o anteproxecto de programas plurianuais de investigación, así coma o anteproxecto da Memoria anual.
- b) Propoñer os programas do terceiro ciclo.
- c) Propoñer os membros dos tribunais que xuzgarán as Teses de Doutoramento.

CAPITULO CUARTO. Da Comisión de Asuntos EconómicosArtigo 52.

A Comisión de Asuntos Económicos asistirá ó Consello de Departamento nos seguintes cometidos:

a) Elaboración da proposta de reparto dos créditos concedidos ó Departamento.

b) Control e seguimento dos gastos realizados polas diversas Unidades Docentes e servicios xerais do Departamento.

c) Presentación da Memoria económica anual que conterà necesariamente:

1- A liquidación definitiva do presuposto.

2- O inventario de bens e as súas variacións.

3- Un informe detallado acerca da xestión dos recursos económicos do Departamento.

CAPITULO QUINTO. Das Comisións Conxunturais

Artigo 53.

O Consello de Departamento poderá arbitra-la constitución de Comisións conxunturais "ad hoc" e grupos de traballo para elaborar informes ou plantexar propostas referidas a situación puntuais ou asuntos concretos.

Artigo 54.

A composición, competencias e duración de ditas Comisións será determinada en cada caso polo Consello de Departamento. O funcionamento interno será determinado pola propia Comisión unha vez constituída.

TITULO SETIMO. Dos Servicios

Artigo 56.

Os servicios xerais deste Departamento son: os fondos bibliográficos depositados no Departamento, ó Herbario, Aparatos e Instalacións e calquer outro que polo seu interese ou complexidade teña que ser incluído neste apartado.

Artigo 57.

Tódolos servicios existentes nas Facultades, calquera que sexa a súa ubicación son patrimonio do Departamento, e como tal estará a disposición de tódolos membros do Departamento.

Os servicios ubicados nas Escolas e Colexios Universitarios que son propiedade dos Centros, poderán ser usados polos membros do Departamento.

Artigo 58.

1.- O Herbario son as coleccións dos distintos táxones do reino vexetal.

2.- O Herbario do Departamento está matriculado no Index Herbariorum co nome SANT, mantendo a súa sé actual.

3.- O Herbario do Departamento rexiráse pola normativa internacional para herbarios.

4.- Elixiránse dous representantes que organicen e controlen a actividade do Herbario (inclusiones, intercambios, ...) e den conta da mesma ó Consello de Departamento alomenos unha vez ó ano.

Artigo 59.

1.- Para cada aparato ou instalación de uso xeral elixiránse dous representantes que serán os responsables do seu funcionamento e mantenza. Estes representantes serán elixidos entre os profesores que os utilicen mais frecuentemente e teñan o seu posto de traballo no lugar onde esté ubicado o aparato ou instalación.

2.- Todo membro do Departamento que precise da súa utilización deberá poñerse en contacto con estes representantes.

3.- Previa a elección destes representantes faráse pública a relación de aparatos e instalacións con que conta ó Departamento.

TITULO OITAVO. Da Reforma do RegulamentoArtigo 60.

A iniciativa para a modificación deste Regulamento corresponde ó Director ou a un tercio, alomenos, dos membros do Consello de Departamento.

Artigo 62.

Para a modificación do Regulamento de Réxime Interno será necesario o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.

DISPOSICION TRANSITORIA

O desenvolvemento do réxime económico do Departamento estará a espensas do que determine no seu día a Xunta de Goberno.

DISPOSICION FINAL

Este Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Goberno.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Bioloxía Vexetal foi aprobado polo Consello de Departamento na súa sesión celebrada o día trece de marzo de mil novecentos oitenta e seis.

A Secretaria do Departamento

Vº Bº

O Director do Departamento